CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Describir as funcións do diñeiro e as principais formas de diñeiro utilizadas. Entender como se crea o diñeiro bancario. Explicar que é o tipo de xuro e de que depende. Comprender que é a inflación, as súas causas e os seus efectos. Explicar en que consiste a política monetaria.	PE	90
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Establecener conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Coñecer en que consiste a economía colaborativa.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.
- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.

UD	Título da UD	Duración
13	O sistema financeiro e as finanzas persoais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender a función dos intermediarios financeiros e explicar os distintos produtos que nos ofrecen. Identificar os distintos servizos bancarios. Coñecer as características dos préstamos e os distintos produtos de investimento. Explicar como funciona a bolsa de valores.	PE	50
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais.		
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro.		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital.	TI	50
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Establecer conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

UD	Título da UD	Duración
14	O comercio internacional	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Describir as causas que explican o comercio internacional. Comprender as razóns do proteccionismo económico. Concer a importancia da cooperación internacional.	PE	80
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións internacionais.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
15	Integración e globalización da economía	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Coñecer os principais cambios na economía mundial.	PE	80
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Diferenciar as distintas modalidades de integración económica e valorar as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración da Unión Europea.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identificar os problemas actuais da globalización económica a partir de exemplos e feitos concretos, valorando os seus riscos e oportunidades.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Comprender os factores que propiciaron a globalización económica e describir as súas consecuencias.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas investigando e explorando a realidade económica.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.
- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
16	Os retos actuais da economía global	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Describe os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.	PE	40
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sustentable e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Tomar conciencia dos problemas actuais da economía e mostrar interese por coñecer as medidas para resolvelos.	TI	60
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describir as características dos países pobres e analizar as distintas medidas que axudan a saír da pobreza.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Comprender os riscos que se derivan do cambio climático e interesarse por actuar de acordo con os principios da economía circular. Coñecer a teoría sobre o decrecemento económico. Explicar as causas que motivan as migracións.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostenibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais. Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas con relación aos retos económicos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sustentabilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No desenvolvemento das clases e da materia, se promoverá a realización de actividades de comprensión, análise, razoamento, aplicación, cálculo e interpretación de textos, gráficos, e vídeos, e aplicacións. Se tratará deste xeito empregar información en diferentes soportes e o emprego das TIC.

Debido a que se trata dunha materia nova para eles e as dificultades de comprensión que adoitan atoparse á hora de facer as actividades propostas, se intentará facer a maioría na clase. Isto ten as seguintes vantaxes:

- Favorece a asimilación dos conceptos novos explicados durante a clase.
- Permite que o alumnado non se atranque coa tarefa na casa porque dispón da axuda do/a profesor/a e dos/as compañeiros/as.
- Favorece o traballo en grupo xa que entre eles se axudan.
- Permite un mellor seguimento individualizado do alumnado xa que se a/o profesora/o pode ver as dificultades que ten tamén o seu progreso.
- As estratexias recomendadas para preparar a materia e facer os traballos de investigación propostos favorecerán a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Tamén se realizarán traballos en pequenos grupos, o que propiciará o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, e as habilidades para se expresar correctamente en público, xa que se farán exposicións orais empregando apoios informáticos e visuais.

Cada unidade desenvolverase do seguinte xeito:

* Introducción e avaliación inicial.

Adicaranse uns minutos a ler un texto ou un pequeno vídeo introdutorio e faranse unhas cuestións que tentarán detectar os coñecementos previos a nivel conceptual e o interese que presenta o alumnado fronte a unidade ou concepto a desenvolver. O mesmo tempo tamén se trata de elevar o nivel de motivación buscando conexións coas súas experiencias persoais.

* Desenvolvemento de contidos.

A clase desenvolverase para todo o grupo na aula onde se dispón de ordenador e proxector. Comezase cun repaso oral dos conceptos novos vistos na clase anterior e a continuación se explicarán os novos contidos empregando esquemas no encerado ou presentacións de diapositivas intercalando cuestións orais relacionadas e exemplos referidos o entorno máis próximo. Aínda que se flexibiliza o desenvolvemento das clases en función de moitos factores, isto pode supoñer un terzo da clase.

Por último se proporá algunha actividade de aplicación como as mencionadas ao principio deste epígrafe: un texto con preguntas, un exercicio de cálculo, interpretación dunha gráfica, un extracto dun vídeo con preguntas entre outras. Algunhas actividades poden supoñer máis dunha clase. Tamén se farán exposicións orais na clase dos traballos realizados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto do alumnado: Cabrera, Andrés. Economía. SM Revuela 2022

Empregaranse os seguintes materiais e recursos:

-Lectura de artigos de prensa ou revistas con posterior debate ou preguntas.

-Noutras ocasións consistirá na proxección de fragmentos de documentais con posterior debate ou preguntas.

-Investigacións en internet.

-Durante o curso realizarase traballos de investigación. As veces Individuais ou en pequenos grupos con exposición oral ou escrita responsabilizando a cada persoa de partes concretas e na que se poderá empregar a información dispoñible de organismos e páxinas de referencia na web.

O emprego de recursos de diferentes tipos trata de facer máis atractivo o aprendizaxe, acercar os contidos a realidade cotián do alumnado o tempo que o estimula a coñecer as diferentes tecnoloxías da información e comunicación.

As actividades propostas tratarán de expoñer os problemas económicos contextualizados relacionando as causas e os efectos e se orientarán a desenvolver no alumnado a capacidade de análise, reflexión e de interpretación da información e o achegamento o razoamento económico.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia case nova para eles interesa coñecer as ideas previas que teñen sobre ela, si prestan atención as novas de economía, si teñen problemas coas matemáticas, ou si teñen dificultades para expresarse.

Para coñecer algúns datos relevantes, nos primeiras sesións se lles pasará un cuestionario e comentaranse os resultados xerais con eles.

As medidas a adoptar corresponden ao comentado no apartado de atención á diversidade nesta programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	7	7	6	6	7	7	6
Proba escrita	100	90	100	100	100	80	80	80	80	60
Táboa de indicadores	0	10	0	0	0	20	20	20	20	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	6	6	6	100
Proba escrita	80	90	50	80	80	40	81

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	6	6	6	100
Táboa de indicadores	20	10	50	20	20	60	19

Cráterios de cualificación:

A avaliación do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos e os criterios de avaliación.

As cualificacións obtéranse a través de diversos instrumentos como: probas escritas individuais ou pola aula virtual, actividades e traballos individuais e en grupo.

* Probas escritas individuais:

- Realizaranse unha ou máis por avaliación, e poderán constar de preguntas cortas, preguntas de tipo test, preguntas de definir e razoar, e exercicios prácticos.

No desenvolvemento das probas valoráranse os seguintes aspectos:

. A coherencia ordenada e razoada na exposición da resposta.

. A utilización dunha adecuada terminoloxía.

. Nas preguntas que hai que desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

. A facilidade e a precisión na realización dos cálculos.

- A asistencia ao exame na data estipulada é obrigatoria (salvo que exista un xustificante médico da data e hora do exame) No caso de ausencias na data de celebración dos exames, xustificárase a ausencia e posterior realización do exame por parte do alumnado ausente en data posterior mediante xustificante médico, sempre que a franxa horaria que figure en dito xustificante coincida ca hora de celebración do exame no centro de ensino. En caso contrario non estará escusada a ausencia e acudirá ao exame de recuperación da parte correspondente.

- As citas médicas dos/as alumnos/as datadas con anterioridade á proposta de calendario de exames deberán ser comunicadas ao profesor para non prexudicar a ninguén.

- A hora de comezo dun exame será a mesma para todo o grupo de alumnos/as, por tanto negarase o acceso ao mesmo a aquel alumno ou alumna que chegue tarde.

- Cando a/o profesora/o constate que un alumno ou alumna teña copiado nun exame, terá un cero no exame e deberá presentarse á recuperación.

- Si o exame no que copiou é o final da convocatoria extraordinaria de xuño terá un cero no exame, suspenderá a materia.

* Actividades e traballos:

- Traballos individuais realizados en clase ou en casa ao longo de todas as unidades que poderán ser corrixidos na aula ou ben entregados o/a profesor/a.

- Traballos en grupo (2 ou 3 persoas) sobre temas de interese para os contidos da materia coa finalidade de presentar os resultados con posterioridade ó resto dos compañeiros, avaliarase positivamente a capacidade de traballo, a tenacidade e a claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e o emprego de novas tecnoloxías.

- Só recolleranse e puntáranse os traballos na data de entrega marcada para os mesmos e nunca en datas posteriores.

1.A cualificación da avaliación trimestral farase en función dos instrumentos empregados en cada avaliación:

- As probas escritas individuais valoráranse como mínimo un 80% para a cualificación da avaliación e como máximo un 100% cando no se cualifiquen actividades e traballos.

- Actividades e traballos individuais e en grupo como máximo un 20%.

2. Para superar de xeito positivo a avaliación de cada un dos trimestres do curso:

O alumnado deberá superar cada unha das probas escritas cunha nota igual ou superior a 5 e ter realizadas e presentadas todas as tarefas persoais e/ou de grupo.

3. Cualificación final ordinaria:

Será a media aritmética da cualificación da primeira avaliación, da segunda avaliación e da terceira avaliación tendo en conta as probas recuperadas.

Non se fará media a aquel/ la alumno/a que nalgunha avaliación trimestral obtivese unha nota media inferior a 5.

Criterios de recuperación:

1. Actividades de recuperación trimestral:

Despois de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación similar en contido e estrutura á proba escrita suspendida, na que deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

Ademais a/o profesora/o poderá esixir ó alumnado a presentación dos traballos e actividades non feitos para calcular a nota da recuperación da avaliación.

Se a recuperación da avaliación non é superada considerase que a avaliación completa queda pendente para a proba global de recuperación extraordinaria de xuño.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

2. Proba extraordinaria de xuño:

Aquelas persoas que en xuño na avaliación final ordinaria non teñan superado a materia, poderán presentarse a un exame extraordinario de recuperación no mes de xuño onde se examinarán dos contidos de todo o curso.

Este exame terá unha estrutura similar ás probas realizadas durante o curso e será programada na data que determine o centro.

A valoración máxima será de 10 puntos e deberase obter un mínimo de 5 puntos para considerarse superada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Plan de traballo para alumnado ca materia pendente de Economía de 1º.

1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Empregarase dous procedementos:

- a. Proba específica.
- b. Análise das producións dos alumnos.

Os instrumentos serán:

- a) Probas con preguntas abertas e exercicios de aplicación e síntese. Levaranse a cabo dúas probas escritas e unha proba final.

Farase unha 1ª proba parcial escrita sobre os contidos da materia das 8 primeiras unidades no mes de xaneiro segundo calendario fixado pola xefatura de estudos. A proba puntuará de 0 a 10 puntos. Se considera superada si obtén como mínimo un 5.

Farase unha 2ª proba parcial escrita sobre os contidos da materia das unidades 9 a 16 no segundo trimestre, sobre o mes de abril segundo calendario fixado pola xefatura de estudos. A proba puntuará de 0 a 10 puntos. Se considera superada si obtén como mínimo un 5.

Farase unha última proba final escrita no mes de maio segundo calendario fixado pola xefatura de estudos para o alumnado que non superase algunha ou as dúas probas.

Esta proba puntuará de 0 a 10 puntos para cada parte correspondente as dúas probas.

- b) Análise das producións dos/as alumnos/as

O/a profesor/a marcará unha relación de actividades de cada trimestre. O alumnado poderá entregalas por escrito (nunca por medios electrónicos) durante o trimestre para a súa corrección ou como data límite o día fixado polo/a xefe do departamento de Economía na reunión co alumnado fixada o principio de curso pola xefatura de estudos.

As actividades entregadas serán cualificadas de 0 a 10 puntos. A cualificación será segundo unha rúbrica na que se teña en conta si actividade está correctamente realizadas e si se emprega correctamente o vocabulario específico da materia admitindo un marxe de pequenos erros non fundamentais.

O exame se realizará soamente se o/a alumno/a non entrega as actividades propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Considerarase importante recibir o antes posible a información sobre o alumnado con necesidades educativas especiais ou situacións persoais relevantes para poder tomar medidas personalizadas canto antes. Isto pode ser coñecido a través do departamento de Orientación, a través da información proporcionada polo titores ou titoras ou ben no proceso de avaliación continua cando o alumnado/a non está a progresar por ter dificultades no aprendizaxe.

Segundo as causas, as medidas que se tentarán adoptarán serán:

- No caso de dificultades de comprensión ou expresión oral ou escrita ou co cálculo matemático, poderase proporcionar algunhas actividades de reforzo en coordinación co departamento de Orientación.
- No caso de dificultades específicas coa materia poderase proporcionar algunhas actividades de reforzo.
- No caso de percibir escasa autonomía ou hábitos de traballo inadecuados, proporcionaráselles pautas para mellorar as súas técnicas ou reparto de tempos de estudo.
- O alumnado do rexime de adultos soe ser persoas que teñen dificultades para vir a clase como facer as tarefas, moitas veces motivado por súa vida familiar..Considérase importante que o alumnado perciba que valoramos positivamente os seus esforzos e progresos e tratar de detectar algún punto de conexión entre os obxectivos da materia e as súas capacidades persoais.
- No caso de alumnado con diagnóstico específico a través do departamento de Orientación se seguirán as recomendacións do mesmo como pode ser proporcionar máis tempo, un seguimento máis personalizado entre outras.
- No caso de dificultades por discapacidades físicas tentarase proporcionar ao alumnado os medios que precise.
- No caso de alumnado que se incorpora ao longo do curso por traslado se realizará un seguimento personalizado incluíndo proporcionar material e libros si é preciso.
- Nalgúns casos resulta efectivo insistir na recollida de información polo alumnado das correccións efectuadas nas probas escritas realizadas e dos exercicios ou actividades.
- No caso de alumnado con unha elevada capacidade ou interese se proporcionarán actividades de ampliación, lecturas específicas ou investigacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación ambiental. Conciencia sobre a necesidade dun crecemento económico baseado no desenvolvemento sustentable. Valoración da necesidade e vantaxes que ofrece a máxima ÷de triplo R÷ (reducir, reciclar, reutilizar). Análise dos efectos negativos da actividade empresarial no medio ambiente. Procura de alternativas que minimicen o impacto ambiental.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Educación moral e cívica: Valoración da necesidade da responsabilidade social e a ética nos negocios na empresa. Reflexión sobre os efectos derivados da globalización e a deslocalización empresarial. Reflexión sobre a importancia dun sistema fiscal progresivo como instrumento para favorecer a equidade e a solidariedade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para o consumidor: Creación dunha conciencia crítica ante o consumo. Reflexión sobre a presión que exerce no medio ambiente o consumo excesivo. Responsabilidade coa reciclaxe, a reutilización e a redución dos produtos e residuos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz: Uso do diálogo baseado no respecto mutuo e a comunicación como medios indispensables para traballar en equipo, tomar decisións ou chegar a acordos. Crítica dos métodos coercitivos ou violentos que se aplican nalgúns conflitos laborais. Coñecemento das vías de solución pacíficas nos conflitos laborais. Rexeitamento aos comportamentos intolerantes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Análise da influencia da contaminación derivada do proceso produtivo na saúde humana e animal. Educación para a saúde: Comprensión da importancia do respecto ás normas de seguridade e hixiene na empresa.		X		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación non sexista: Análise e crítica das desigualdades laborais entre homes e mulleres. Rexeitamento á violencia de xénero. Visualización de como a formación persoal favorece a igualdade laboral entre ambos os sexos. Concienciación da igualdade entre sexos, razas, etnias, etc. no posto de traballo.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a convivencia. Respetar a autonomía dos demais; dialogar como forma de solucionar as diferenzas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Expresión oral e escrita	X						X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Educación ambiental. Conciencia sobre a necesidade dun crecemento económico baseado no desenvolvemento sustentable. Valoración da necesidade e vantaxes que ofrece a máxima <i>3R</i> (reducir, reciclar, reutilizar). Análise dos efectos negativos da actividade empresarial no medio ambiente. Procura de alternativas que minimicen o impacto ambiental.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación moral e cívica: Valoración da necesidade da responsabilidade social e a ética nos negocios na empresa. Reflexión sobre os efectos derivados da globalización e a deslocalización empresarial. Reflexión sobre a importancia dun sistema fiscal progresivo como instrumento para favorecer a equidade e a solidariedade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.3 - Educación para o consumidor: Creación dunha conciencia crítica ante o consumo. Reflexión sobre a presión que exerce no medio ambiente o consumo excesivo. Responsabilidade coa reciclaxe, a reutilización e a redución dos produtos e residuos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz: Uso do diálogo baseado no respecto mutuo e a comunicación como medios indispensables para traballar en equipo, tomar decisións ou chegar a acordos. Crítica dos métodos coercitivos ou violentos que se aplican nalgúns conflitos laborais. Coñecemento das vías de solución pacíficas nos conflitos laborais. Rexeitamento aos comportamentos intolerantes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Análise da influencia da contaminación derivada do proceso produtivo na saúde humana e animal. Educación para a saúde: Comprensión da importancia do respecto ás normas de seguridade e hixiene na empresa.							X	X
ET.6 - Educación non sexista: Análise e crítica das desigualdades laborais entre homes e mulleres. Rexeitamento á violencia de xénero. Visualización de como a formación persoal favorece a igualdade laboral entre ambos os sexos. Concienciación da igualdade entre sexos, razas, etnias, etc. no posto de traballo.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a convivencia. Respetar a autonomía dos demais; dialogar como forma de solucionar as diferenzas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.9 - Expresión oral e escrita								X

Observacións:

A inclusión dos temas transversais como contido curricular, permite achegar aos centros educativos, a aqueles problemas que a sociedade reconece como prioritarios nun momento determinado. Son moitos e variados os temas transversais que se relacionan cos distintos bloques temáticos da materia de Economía así como cos obxectivos establecidos no Plan de Convivencia do Centro.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla-coloquio	Conferencias con profesionais	X	X	
Visita á empresa	Visita a unha empresa ou institucións da comarca			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Metodoloxía empregada
5. Adecuación da estratexia metodolóxica.
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Medidas de atención á diversidade
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Descrición:

Cada profesor na súa programación de aula fará un seguimento da programación e ao rematar o trimestre se revisarán aqueles aspectos da programación que deba modificarse ben para o resto do curso ben para o curso seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da análise mensual ou trimestral dos datos recolleitos e da posta en común dos mesmos nas reunións de departamento, así como das reflexións e conclusións delas obtidas, poderán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas. Estas modificacións ou propostas de mellora serán tidas en conta nas actas do departamento, por avaliación e na memoria final do curso.

9. Outros apartados

1. Contribución ao Plan de Convivencia

No desenvolvemento das clases se fomentará a integración de todo o alumnado do grupo coa finalidade de establecer un bo clima na aula.

Fomentárase un clima de participación na aula e de liberdade de expresión pero esixindo respecto a opinión dos demais.

2. Constancia de información ao alumnado e as familias

Os primeiros días de clase o profesorado informará ao alumnado dos diferentes aspectos da programación e posteriormente poderá consultala na páxina web do instituto no departamento de Economía <http://www.iesconcepcionarenal.es/> Sobre o desenvolvemento do curso tamén se empregarán os blogs de aula e o correo electrónico habilitado polo Centro para comunicarse co alumnado, así como a Aula Virtual.

Se proporcionará información sobre o seguimento dos contidos da materia, datas das probas escritas, contido que entra nas mesmas, etc. Tamén aclaracións sobre actividades e traballos como: os requisitos, prazos de entrega ou calendario de exposicións, material complementario, etc.

3. Plan de continxencias

No caso de alumnado que no poida asistir por mor de causas xustificadas na actividade presencial diaria na clase durante un período importante de tempo o departamento ten previstas as seguintes medidas:

- a) Establecerase como canle de comunicación para a achega de información de información de tipo xeneral ao alumnado na páxina web do Centro <http://www.iesconcepcionarenal.es/> e a aplicación abalar móbil.
- b) Como canle de comunicación co alumnado para achegas específicas relativas á materia impartida utilizarase a aula virtual ou o correo electrónico. .